

## ACTA

### REUNION ORDINARIA DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

Data: 22/05/2026

En Pontevedra, na sala de xuntas do Pazo Provincial, sendo as 12:05 horas do día 22 de maio de 2026 celébrase reunión ordinaria da Comisión Especial de Contas, baixo a Presidencia de D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso e coa asistencia das deputadas e deputados integrantes da Comisión seguintes:

**PRESIDENTE:**

D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO

**VOGAIS:**

D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME

D<sup>a</sup> BELEN CACHAFEIRO ANTA  
(En substitución de D<sup>a</sup> Luisa María Sánchez Méndez)

D. JORGE CUBELA LÓPEZ

D. RICARDO MARTINEZ CHANTADA

D<sup>a</sup>. MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ

D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUIÑA

D. JUAN PABLO CASTILLO AMIGO

D. JAVIER TOURÍS ROMERO

D<sup>a</sup>. ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ

D<sup>a</sup> DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ

D. GREGORIO LUIS AGÍS GÓMEZ

D<sup>a</sup>. NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ

D. GORKA GÓMEZ DÍAZ

D<sup>a</sup>. ANA MARÍA MEJÍAS SACALUGA

D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO

D<sup>a</sup> MARÍA ORTEGA IÑARREA



A Deputada D<sup>a</sup>. Belén Cachafeiro Anta asiste a reunión en substitución da Deputada D<sup>a</sup> Luisa María Sánchez Méndez

Asisten o Interventor da Deputación, D. Antonio Graña Gómez, e a Vicesecretaria da Deputación, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Beatriz del Cerro del Río.

Actúa como Secretario da Comisión, por delegación, D. Antonio Torrón Casal, adxunto á xefatura do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

O Presidente da Comisión abre a sesión dando paso ós puntos establecidos na orde do día:

**1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior da Comisión Especial de Contas, do día 23 de maio de 2025. (Expte.- 2025026747).**

Sometido a votación o asunto, apróbase por unanimidade a acta da reunión anterior da Comisión Especial de Contas do día 23 de maio de 2025.

**2. Informe sobre a conta xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, correspondente ao exercicio 2025. (Exptes.- 2026035094-2026000743)**

O Presidente da Comisión toma a palabra para indicar ós Sres./as. Deputados e Deputadas que a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra do exercicio 2025 formada pola Intervención debe someterse a informe da Comisión Especial de Contas, en cumprimento do establecido no artigo 212.2 do R.D.L 2/2004 Lei das Facendas Locais,

A Conta Xeral do exercicio 2025 inclúe a conta da propia Deputación de Pontevedra, a da Escola Universitaria de Enfermería, a do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, a do Consorcio para o Servizo Contra Incendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, e a conta consolidada.

A documentación que comprende o expediente da Conta Xeral do exercicio 2025 foi posta a disposición dos Sres./as. Deputados e Deputadas integrantes da Comisión no prazo regulamentario para o seu exame e consulta de acordo co establecido no artigo 212.4 da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

O Presidente da Comisión dirixiuse ós Sres./as. Deputados e Deputadas preguntándolles se tiñan algunha cuestión ou consulta sobre o informe da Conta Xeral, non producíndose ningunha intervención.



Sometido a votación o informe da Conta Xeral da Deputación de Pontevedra correspondente ó exercicio 2025, obtívose o seguinte resultado:

**Votos a favor: nove (9)**, do grupo provincial do Partido Popular (PP)

**Votos en contra: ningún (0)**

**Abstencións: oito (8)**, sendo seis (6) do grupo provincial do Partido Socialista de Galicia (PSG-PSOE), e dous (2) do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG)

En consecuencia, a Comisión Especial de Contas, cos votos a favor dos Sres./as. Deputados e Deputadas do Grupo provincial do PP, e abstencións dos grupos provinciais do Partido Socialista de Galicia (PSG-PSOE) e do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ACORDA:

**Primeiro.**- Informar favorablemente a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra do exercicio 2025, que inclúe a conta da propia Deputación, a da Escola Universitaria de Enfermería, a do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, a do Consorcio para o Servizo Contraincendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, e a conta consolidada, nos termos e coa documentación que consta nos expedientes CIVIDAS números 2026035094-2026000743

**Segundo.**- dispoñer que se expoña ó público a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra do exercicio 2025 por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes, de conformidade co establecido no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

No suposto de que durante o período de exposición pública non se presentaran reclamacións reparos ou observacións este informe favorable da Comisión de Contas entenderase elevado a automáticamente a definitivo.

**Terceiro.**- dispoñer que, unha vez rematado o período de exposición pública e resultas, no seu caso, as reclamacións, reparos ou observacións formuladas, a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra correspondente ó exercicio 2025 se someta ó Pleno da Corporación para a súa aprobación, conforme ó establecido no artigo 212.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais,

### 3. Rogos e preguntas.

Non se produciron.



E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dáse por finalizado o acto, sendo as 12:10 horas do día arriba sinalado, do que, como Secretario, dou fe.

O Secretario da Comisión  
Asdo.: Antonio Torrón Casal  
(Documento asinado electrónicamente á marxe)

